

**Título**

***Galegos en Lisboa, a historia xamáis contada***

**Produtoras**

Acuarela Comunicación SLL

Televisión de Galicia

**Guión, Dirección e Producción Executiva**

Xan Leira

**Duración**

57'

**Anos de rodaxe**

2006-2008

**Locacións**

Galicia e Lisboa

## **SINOPSE**

A Lisboa do século XVI é a cidade dos descubrimentos, das grandes riquezas e das enormes oportunidades. Pola contra, Galiza é a terra castrada e marxizada da colonización de América e empobrecida polo marco económico de forzado sometemento, atraso e fame para a maioría da súa numerosa poboación.

O descubrimento de Brasil anima aos portugueses, fundamentalmente miñotos e beiroes que fornecen de traballo á cidade alfaciña, a emprenderen o camiño da fortuna e o seu lugar é ocupado polos veciños galegos do Miño e da Raia Seca.

Mais, son as catástrofes naturais que asolan á cidade de Lisboa entre os séculos XVI e XVIII quen abren as portas á emigración masiva dos galegos para os traballos urxentes da reconstrución da cidade e da modernización pombaliana coma o Aqueduto das Aguas Livres, o Palacio de Mafra e tantas outras obras que ao longo de todo Portugal requerían man de obra dura, forte e disciplinada. A man de obra galega. Aos poucos viran os aguadeiros, os criados e dos mozos de fretes galegos, que afianzan para sempre a nosa presenza na cidade alfaciña.

Tamén, ao longo destes cinco séculos, as guerras eran o xeito de enriquecemento das Coroas e dos Estados e forzaban aos homes dende moi temprana idade a acudir forzosamente á milicia. No caso particular de España e Portugal as sucesivas guerras ou conflitos diplomáticos entre ambas as dúas coroas dificultaron ou impediron este fluxo migratorio e os galegos tiveron que apelar a moitas solucións para manter aberta esta vía económica á solución dos seus problemas. ¡As guerras e a milicia deron traumático protagonismo ao traballo infantil! Milleiros de nenos galegos entre 12 e 14 anos emigraron a Lisboa fuxindo da fame e da milicia. Nenos esmolantes ou criados de todo tipo transitaban o Camiño de Santiago cara o Sur e logo as rúas lisboetas levando nas súas costas, moitas veces, unha vida marxinal, ilegal, dura e de máxima discreción ou de forzada mimetización co entorno, para evitaren represalias ou expulsións do país.

Co proceso de industrialización e urbanización do mundo que se desenvolve na segunda metade do século XIX, cede o fluxo migratorio cara a Lisboa, mais a cidade convértese no porto de partida e do retorno. Polo tanto, mantén, para os nosos emigrantes, o atractivo suficiente para invertir nela parte dos cartos e das experiencias gañadas no novo continente. O fluxo coas Américas rexenera o ambiente socioeconómico e cultural de Galiza e de Lisboa e aparecen novas manifestacións que repercuten directamente en ambas as dúas sociedades.

Os galegos van adquirindo novas cotas nos servizos e a inventiva e o traballo duro van creando unha nova clase de traballadores e empresarios que comezan a participar máis activamente no conxunto da sociedade lisboeta: a participación e creación do sindicalismo portugués; as loitas pola instauración da República Portuguesa; a renovación e creación de múltiples e diversas empresas de hostalaría; a promoción económica e artística do cine e do teatro; a literatura e o xornalismo tiveron nos galegos ou nos seus fillos uns destacados protagonistas.

A creación da sociedade mutualista, recreativa e cultural Xuventude de Galiza, en 1908, é unha manifestación dese xermolado societario froito dun colectivo migratorio imprescindible para comprender a historia moderna e contemporánea de Lisboa.

Os feitos políticos acaecidos a ambas as beiras do Miño durante o primeiro tercio do século XX desembocaron nas ditaduras de Franco e Salazar e converteron, forzosamente, aos nosos emigrantes, nunha forza social illada da corrente galeguista e antifranquista que xermolou no exilio espallado polo mundo. Esta situación de illamento histórico e dualidade represiva tornou a esta emigración nun sector social instrumentalizado polos réximes. A “discreción”, a indiferenza, a explotación laboral e o silencio foron o pago pola procura do pan e do traballo.

## **EQUIPO TÉCNICO**

### **Guión, Dirección e Producción Executiva**

Xan Leira

### **Produtoras**

Acuarela Comunicación SLL

Televisión de Galicia

### **Producción**

Diana Reiter

Xosé Moledo

### **Realización**

Xosé Moledo

### **Axudante de Dirección**

Sara Pequeño

### **Cámara e Fotografía**

Sara Pequeño, Pedro Losada, Valentín Caamaño Paz

### **Montaxe**

Roberto Conde Suárez, Xan Leira, Xosé Moledo

### **Música**

Enrique Estrada

### **Axudante de Producción**

Romina Doce

### **Investigación e documentación**

Xosé Moledo

Xan Leira

**Asesoramento histórico**

Domingo L. González Lopo, Xosé Moledo

**Ambientación e vestiario**

Sara Pequeño

**Locución**

Luís Iglesia

**Infografía**

Sara Pequeño

**Fotografía fixa**

Romina Doce, Sara Pequeño, Xosé Moledo, Pedro Losada

**Recreación nenos carboeiros**

Sebastián Pérez Reiter, Raúl Gándara Gándara

**Imaxes fílmicas de Arquivo**

Arquivo Audiovisual Dixital de Galicia sl

Centro Galego das Artes da Imaxe

“Un Viaxe por Galicia”

Cinemateca Portuguesa - Museu do Cinema

“Lisboa, crónica anedótica” de Leitão Barros

**Imaxes fotográficas de Arquivo**

Arquivo Audiovisual Dixital de Galicia

Arquivo da Xuventude de Galicia

Arquivos familiares

**Estudio de son**

Sushi Records

**Testemuños recollidos para a nosa investigación e produción:**

Marina Álvarez González, Pablo Antonio Álvarez Martínez,  
María Concepción Álvarez Muíños, Delfín Álvarez Yánez,  
Josefa Álvarez Yánez, Jaime Amil Lorenzo,  
Digna Arango Bouza, Zita Dina Arango Florentino, María Dolores Arango  
González, Fernando Assis Pacheco, Leopoldina Augusta Lourença,  
Manuel Bangueses Moure, Raúl Barral Barral, Diamantino Barral  
Reboredo, Manuel Bello Rodríguez, María Magdalena Borges Álvarez,  
Lino Boullosa Rodríguez, Florinda Cal Corujeira, José Cal Ventín,  
Amadeo Candeira Bouzó, José Candeira Bouzó, Ana Cristina Candeira  
González, Manuel Cardoso Míguez García, José Manuel Carrera Carbó,  
Miguel Carvajal Sobral, José Aser Castillo Pereira, Eduardo Castro Cal,  
María Amalia Castro Gil, Raúl Emilio Castro Rodríguez, José Manuel  
Cima Sobral, Luz Conçeição Mendes da Maia, Perfecto Alfonso Conde  
Lamela, Luísa Conde Prieto, Miguel Conde Prieto, Carlos Jorge Alberto  
Consiglieri, María Isabel Corujeira Cal, Francisco Costa Rodríguez, José  
Alfonso de Mateo García, Catarina de Sousa Lobo Martins Portas,  
Concepción Deza Alves, Constantino Díaz González, Constantino  
Domínguez Costal, Secundino Domínguez Doval, Manuel Albino  
Domínguez Gil, Clemente Domínguez Táboas, Paulo Gabriel dos Santos  
Rosa Tato Marinho, Manuel António Duran Clemente, José Fernando  
Durán Orge, Ismael Eiró Barbeito, Otilia Estefania Fernandes  
Evangelista, Manuela Esteves Varela Cid, José Estévez Estévez, Manuel  
Estévez Gil, José Estévez Ucha, Manuel Feijoo Estévez, Belarmino  
Fernández Fortes, Francisco Fernández Fortes, Manuel Fernández  
López, José Carlos Fernández Otero, Carmen Inés Fernández Vázquez,  
Arturo Mario Gallego Álvarez, Ventura José Luís García Iglesias, Cándido  
Garrido Ferreira, Jesús Garrido Garrido, Julia María Gil Salgado, Alvaro  
Ezequiel Gomes Passos, Rosa González Antón, Faustino Teodoro  
González Araújo, Dulce Gracia González Bouzó, Rafael González  
Goyanes, Domingo Luís González Lopo, José González Pereira, José  
Orlando González Rivera, João Guisan Seixas, Claudio Iglesias Giráldez,  
José Lamela Bautista, Manuel Lamela Bautista, Joaquim Manuel Leal  
Duraó, Matilde Rosa Lopes de Araújo, Vítor Lopes dos Santos, Emilio  
López Cal, Ceferino Mariño Carrera, Manuel Mariño Carrera, Tiago  
Mariño Manuel, María Hortensia Martínez Antón, Manuel Martínez  
Araújo, Indalecio Martínez Fuentes, José María Martínez Pérez, Appio  
Matos Sottomayor, Clemente Miguélez Sánchez, María Jesús Montero  
Álvarez Ferreira Bastos, Manuel Antonio Montero Giráldez, Ángel Moure  
Queimadelos, Amancio Muíños dos Santos, Manuel Nande Rodríguez,  
Rui Manuel Niny Fernández Lourido, Marília Niny Fernández Lourido,  
Americo Nunes, Manuel Ollero Vidal, Teodoro Otero Pérez, Eulalia  
Parada Ventín, Manuel Peralba Suárez, António Manuel Pereira Leal,  
Manuel Pérez Cima, Jacinto Pérez Domínguez, José Pérez Fernández,  
Domingo Pérez Pérez, Benito Pérez Vello, Eduardo Pérez Vieira de  
Magalhaes, Gabriela Pinto de Carvalho, José Eduardo Portas Feijoo,  
Antonio Presa Barros, José María Raña Castro, Verísimo Raña Castro,

Rogelio Riveiro Antón, Miguel Riveiro Cousiño, José Riveiro Gil, Amancio Riveiro López, Manuel Rodrigues Vaz, Catalina Rodríguez Álvarez, Ángel Rodríguez Gallardo, Gabino Germán Rodríguez Martínez, Francisco José Rodríguez Moinhos Espinheira, Margarida Ruas Gil Costa, María de Lourdes Santos Rodrigues Ferreira, Miguel Ángel Seco Fernández, Armindo Seoane Seoane, Paula María Serra Sousa Cereijeiro, Agustín Sobral Crespo, Francisco Xosé Sobral Crespo, José Antonio Suárez Castro, José Diolindo Torres Sobral, Luís Felipe Torres Sobral, Rosa Toucedo Lorenzo, Manuel Ucha Domínguez, Marcial Ucha Domínguez, Jorge Ucha Pérez, José Domingo Vázquez González, Susana Vázquez Ojea, Manuel Eugenio Ventín Pérez, Rosa Vidal Fernández, María Isabel Vieira Pereira, Germán Villar Boente.

**Entrevistas na rúa:**

Alberto Pequeño Salgueiro, Juan Martínez Rosales, Gonzalo Riobó Costa, Benxamín Riobó Sanluís, Oscar Riobó Soage, Daniel Costas Currás

**Ano de produción**

2009

## MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO

### A emigración galega até os nosos días

A historia da emigración galega chega até os nosos días cunha nidia ubicación, no espazo e no tempo, que sinala a Castela, a América e a Europa, como destinos referenciais da nosa emigración.

O fenómeno migratorio moderno comeza, inhibida Galiza de participar na conquista e colonización de América, cos seitureiros galegos que marchan a Castela e incluso até Extremadura, tradición que se mantivo por máis de tres séculos até entrado o século XX.

Dicía Rosalía de Castro ao retratar as vidas do traballador emigrante:

*Castellanos de Castilla,  
tratade ben aos galegos,  
cando van, van como rosas,  
cando vén, vén como negros.*

A tradición oral trae outros ecos do trato social recibido polos galegos, resumidos neste relato que se escoitaba nas estacións de trens:

*¡Señores viajeros al tren... y gallegos también!*

Máis, é sen dúbida a masiva emigración cara as Américas, dende o último tercio do século XIX até mediados do XX, a que define e transforma o panorama humano, social, económico, político e cultural da nosa terra e, polo tanto, tamén, é o proceso máis estudado, coñecido e vivo, aínda hoxe, do noso percorrido migratorio polo mundo.

E, por último, é a Europa da posguerra –que emprende un intenso proceso de modernización e desenvolvemento capitalista dos países cara o norte de España: Francia, Alemaña, Suíza, Holanda, fundamentalmente–, quen atrae aos nosos traballadores. Avanzado o tempo e, ás veces, acompañando a este último proceso, Madrid e Barcelona acaparan a atención dos nosos



emigrantes. Na actualidade, son as Canarias e as Baleares os territorios que acollen aos nosos emigrantes.

Para a maioría da nosa poboación, e segundo afirman estudosos e axentes sociais coñecedores do tema migratorio, estes son os lindes da nosa tradición migratoria, que definen a nosa historia contemporánea e pola que somos coñecidos en todo o mundo.

Porén, nesta árbore migratoria, falta a pola da nosa emigración ao Portugal e a Lisboa en particular que, sen dúbida, coa recuperación dalgunhas investigacións feitas hai tempo dende a Universidade de Santiago e grazas á nosa pescuda e produción audiovisual, descubriremos unha nova dimensión da historia común entre ambos os dous países.

### **Portugal: Historias dunha emigración difusa**

- *Não é um português?*
- *Não, senhor.*
- *Mas nao tem un ar muito estrangeiro?*
- *Não, senhor.*
- *Mas é um estrangeiro?*
- *Não, senhor.*
- *Quer dizer talvez que é um espanhol?*
- *Não, senhor.*

O escritor portugués Alexandre Herculano definía e caracterizaba así aos galegos, nun artigo escrito na publicación *A Ilustração - Jornal Universal*, en 1844. Daquela, os galegos xa eran unha colonia de traballadores estranxeiros moi regular, posiblemente a máis numerosa delas e, tamén, a máis antiga, se exceptuamos aos escravos ou serventes chegados das colonias portuguesas na África, Asia e Brasil.

O movemento migratorio galego no actual territorio portugués comeza coa propia Reconquista e se mantén, ininterrompidamente, ao longo dos séculos.

*“No reinado de D. João III, singravam no mar dos descubrimentos as naus Conceição Galega, Galega e Galeguinha”.*

Mais, sen necesidade de ir cara un pasado difícil de documentar, nos séculos XVII e XVIII os galegos migraban cara as beiras do Douro, ao traballo nas vides, ou até o Alentexo, na seitura do trigo. No seu camiño de emigrantes, os galegos campesiños descubriron as súas habilidades para os servizos varios na cidade e tornáronse traballadores urbanos.

Pero son, sen lugar a dúbidas, o terremoto de 1755, os incendios posteriores e o maremoto que asolagou unha grande parte de Lisboa, os feitos que marcaron para sempre, e até os nosos días, a este fluxo migratorio. Os traballos de reconstrucción da cidade levaron aproximadamente corenta anos, onde os canteiros e carpinteiros galegos tiveron una destacada actuación.

Esta vella, regular e numerosa emigración de homes galegos deixou pegadas que aínda hoxe latexan na cotidianidade lisboeta. Ser galego en Lisboa denotaba, e aínda denota, algo máis que unha identidade nacional e unha referencia xeográfica, era unha identificación cuns valores e cun estilo de vida. O galego en Lisboa era –e segue sendo– recoñecido coma un home do norte, traballador, aforrador, que rara vez se afincaba de xeito definitivo e, polo tanto, que pensaba sempre no retorno. Foron tan fortes as pegadas da actividade dos galegos en Lisboa, que así eran tamén recoñecidos os portugueses do norte, do Miño.

Como curiosidade, hai rexións de Brasil que chaman “galego” aos propios emigrantes portugueses ¿ou galegos “travestidos” de portugueses?

## **Portugal e as cidades de acollida**

*“(…) en 1802 Portugal acolhia cerca de trinta mil galegos (...) Em Lisboa ficaban distribuídos pelas praças públicas en carretos e serviço das casas, aguadeiros, criados de libré, varredores das ruas, ribeirinhos da limpeza, (...).*

A estrutura económica, social e política do Portugal que acolle a milleiros de galegos nos séculos XVII, XVIII e XIX é o dunha sociedade que vive extravagantemente das riquezas das colonias. A xerarquía social das persoas mídese, fundamentalmente, pola cantidade de persoal de servizo que teñen ao seu dispor e a cantidade non supón melloras no servizo.

Primeiro foron os negros escravos, logo sumáronse os hindús e marroquís até que os galegos desbancaron, en pouco tempo, a todos estes competidores no mercado de traballo. A eficacia, a lealdade, a dispoñibilidade para todo traballo, fixo aos galegos amos e señores dos servizos urbanos nas grandes cidades de Portugal.

O galego incorpora –nunha sociedade tradicional, anquilosada na fortuna das colonias e no beneficio da aparencia–, trazos de relativa modernidade e competitividade xa propios das sociedades industriais e burguesas.

## **Lisboa e os costumes da época**

*“(...) A espionagem mudou completamente os costumes de Lisboa, pela existência de um medo generalizado –medo este que destruiu a confiança e substituiu as simpáticas manifestações da amizade por um fingido constrangimento e por uma reserva insuportável” (1796).*

O comportamento social estaba absolutamente controlado pola Igrexa e as súas ríxidas normas de comportamento influían na vida privada e pública das persoas, fundamentalmente dos homes, a muller rara vez saía da casa, agás acompañada polos seus serventes, cantos máis mellor.

Outro trazo característico é que o home portugués non entraba en contacto con persoas doutras orixes e, outro tanto, pasaba, entón, entre os membros doutras comunidades nacionais. Pódese dicir que o lisboeta, o alfasinha, é un home pechado en si mesmo e que a sociedade de Lisboa mantén a todas as comunidades que a habitan separadas, diferenciadas.

## **Portugal un país de emigrantes**

*“(...) Os portugueses marchan ao Brasil que é lonxe e máis caro, nós imos a Lisboa que é máis perto, máis barato e gáñase máis (...).*

É importante salientar que o proceso migratorio galego coincide co propio proceso migratorio de Portugal cara ás Américas e as colonias. O home portugués vai cara fora e o seu lugar é ocupado, especialmente, polo galego.

## **¿O comezo dunha lenda negra?**

Dende mediados do século XIX até o último tercio, Portugal entra no proceso de abolición da escravitude o cal dinamizará a emigración e a substitución do traballo escravo polo traballo libre, autónomo que van desenvolver, maioritariamente, os galegos.

## **Os “tigres” de Río de Janeiro e os “ribeirinhos” de Lisboa**

Na cidade de Río de Janeiro, os detritos das casas eran extraídos, transportados e vertidos aos ríos ou ao mar polos escravos, e eran chamados “tigres”, porque era un traballo para verdadeiras “bestas”. Co fin da escravitude no Brasil, este traballo socialmente denigrante foi realizado maioritariamente polos “tigres galegos”. Polo tanto, ser tratado de “tigre” ou de “galego” era unha verdadeira ofensa.

Este traballo, tamén foi exercido na cidade de Lisboa polos negros escravos e, logo, polos galegos, eran os chamados *ribeirinhos*.

## **O traballo dos galegos en Lisboa**

*aaaagua freeeesca, frisquiiinha, quem quer beber agua fresca?*

Para definir o perfil laboral dos nosos emigrantes en Portugal en xeral, e en Lisboa en particular, podemos salientar os primeiros estudos estatísticos de 1873. Sobre un total de 24.357 traballadores censados, atopámonos con que as tarefas máis ocupadas son: a descarga de navíos e outros traballos de carga e descarga; criados domésticos, cociñeiros, mozos e gardas de almacéns de comercio e viños; campesiños na poda e na viña; tendeiros, vendedores de artigos de comer e beber; afiadores e “oculistas”; atención de casas de durmir; matadoiros; tanatorios; padarías; carboeiros; augadeiros e mozos de corda, etc., etc.

Mais, sen lugar a dúbidas, é nestas dúas últimas actividades onde o traballador galego vai ser máis coñecido e polas cales, tamén, enraizarán para sempre na historia da cidade de Lisboa.

*“Os portugueses teñen a auga e nós vendémoslla”*

Así resumía un galego afincado en Lisboa a relación mutua entre portugueses e galegos de finais do século XIX.

Os augadeiros e os mozos de corda incorporaron unha serie de outras prestacións ao de por si completo e indispensable servizo de suministro de auga nas casas lisboetas ou as mudanzas nas casas, que daquela eran moi frecuentes: a entrega de cartas de namoro entre persoas da propia cidade e a compra e entrega a domicilio de produtos da máis diversa índole. Os galegos foron os precursores da venda a domicilio.

### **Os tópicos: “traballa coma un galego”**

*De galegos e judeus, dos melhores livra-nos Deus*

No ano 1801, por mor de conflitos diplomáticos e da “guerra das laranxas” entre España e Portugal, houbo intentos e propostas de expulsar aos galegos de Portugal, pero a súa presenza na prestación de servizos era tan importante, que o Intendente de Policía da cidade de Porto, argumentou que a

expulsión dos galegos deixaría ás cidades de Porto e Lisboa sen os servizos que esas cidades requirían. Entorno a estas épocas, a poboación galega en Portugal cífrase máis ou menos en 80.000 persoas.

## **A inventiva nos servizos**

*“Pretos, pretas e galegos havia-os por todo o lado. Estes últimos rondando os setenta mil, segundo registros da Chancelaria dos Negócios Estrangeiros...”*

A enumeración dos traballos, oficios e servizos que os galegos van desenvolvendo en Lisboa, sitúaos na vangarda no fornecemento dos servizos propio dunha sociedade urbana e cosmopolita.

Na cidade de Lisboa se lles atribúe aos galegos: as primeiras ambulancias; os primeiros servizos fúnebres e traslados dos mortos á Galiza; os primeiros servizos de bombeiros; os “petiscos”; o caldo; etc., etc.

## **O asociacionismo. O Centenario d'A Xuventude de Galiza**

*“Si querem dançar van dançar a vossa terra”*

Froito dun mal entendido acontecido nunha xuntanza social na Sociedade Filharmónica de Lisboa –dos moitos que había entre galegos e “alfasinhas” (lisboetas)–, onde os nosos paisanos foron prohibidos de danzar coas mozas da cidade por non seren socios da respectiva Sociedade, os mozos galegos tomaron conciencia da importancia de teren un lugar propio de lecer e descanso, pois daquela, as xornadas de traballo eran extenuantes e se prolongaban aos sete días da semana.

Así é como nace a Sociedade de Instrucción e Recreo “Juventude de Galiza”, o 10 de novembro de 1908, na cidade de Lisboa, grazas á decisión e esforzo de innumerables pioneiros na nosa emigración, entre os que podemos salientar a José Lorenzo Covas, Manuel Álvarez Covas, Ramiro Vidal Carrera,

Francisco Sánchez, Marcelino Outerelo Rocha, Casimiro Movilla e Ramiro Martín Martín, entre moitos outros.

A historia d'**A Xuventude de Galiza** vai parella á propia historia contemporánea da cidade de Lisboa e da propia República Portuguesa. Na historia de Portugal, o ano 1908 está marcado polo comezo do reinado de Manuel II, que manterá o seu poder e a vixencia da monarquía até a proclamación da República Portuguesa, o 5 de outubro de 1910.

A constitución desta sociedade hai que entendela no marco da experiencia do proceso asociativo galego no mundo –Centro Galego d'A Habana, o Centro Galego de Bos Aires–, e amosa xa unha capacidade social e asociativa que comezara coas institucións “Fraternidad Española” e a “Asociación Galaica de Socorros Mutuos” que, por mor da lexislación da nova República Portuguesa, deixaron de existir.

### **Personalidades galegas na vida lisboeta e portuguesa**

*“Diogo é um personagem tristemente celebre que está acima de qualquer descrição nosa. Malvado e covarde, dificilmente acharemos, ao percorrer os annaes dos grandes criminosos, quem se lhe avantage na bestial ferocidade.*

*Diogo (Alves), já o dissemos, era Galego.”*

En máis de dos séculos de historia migratoria continua e regular, son moitos os homes galegos ou de ascendencia galega que adquiriron sona na vida portuguesa. Sen necesidade de ir moito máis atrás na historia, é importante salientar a orixe galega de **Luís Vaz de Camões**, o poeta nacional de Portugal, bisneto do fidalgo galego Vasco Pires de Camões ou a actuación de **João Nova** (Xoán Novóa), descubridor galego ao servizo da coroa portuguesa.

Máis próximas no tempo, son coñecidas as actuacións durante unha parte do século XIX do “asasino do acueducto”, o galego **Diogo Alves**.

Pero é no século XX onde as pegadas e o legado dos galegos son moito máis notorias e abonda con salientar os nomes de **Alfredo Pedro Guisado**,

poeta, xornalista e político destacado na nacente República Portuguesa; o Coronel **Manuel Durán Clemente**, membro do Consello da Revolución dos Cravos; **Manuel Cordo Boullosa**, fundador da SONAP e benfeitor do Centro Galego de Lisboa; **Ernesto Guerra da Cal**, catedrático de lingua portuguesa e intelectual galeguista exiliado primeiro nos EEUU e logo radicado en Portugal; **Fernando Assis Pacheco**, xornalista e escritor neto de galegos, mostra de algunhas das personalidades que fornecen o legado galego-portugués do derradeiro século.

### **Os galegos en Lisboa: unha emigración silenciada, “difusa”**

Todos os elementos aquí expresados abren as portas a unha fonda investigación sobre todos estes feitos, pero, fundamentalmente, chama a atención a discreción, o silencio ou o encubrimento desta tradición migratoria.

### **Os galegos en Lisboa: unha historia por recuperar e divulgar**

Sen lugar a dúbidas, desvelar o por qué do silencio desta empresa colectiva é o grande reto do noso empeño. Aí radica a importancia e o entusiasmo polo noso traballo.

### **Os galegos en Lisboa: o achádego dun tesouro histórico**

O **descubrimento das motivacións que promoveron o silencio** das pegadas galegas en Lisboa abrirán novas vías de interpretación da nosa historia común. Seguramente, galegos e portugueses, estaremos máis unidos e máis e mellor recoñecidos a ámbalas dúas beiras do Pai Miño.



## **HIPÓTESE DE TRABALLO**

As nosas investigacións lévannos a presupoñer que na historia da emigración galega a Lisboa, que situamos de xeito regular e documentado aproximadamente entre os anos 1550 e 1960, subxacen as intencións – transmitidas de xeración en xeración–, por unha banda de agacharen este destino nas vilas de orixe, dado o lugar “degradante” que ocupaba socialmente o galego e, pola outra, agacharen a súa orixe galega na sociedade de acollida.

Para afondar nesta liña de comportamento colectivo e secular do emigrante galego –maioritariamente masculino–, temos, unha vez afastadas as motivacións propias de calquera fenómeno migratorio –procura de desenvolvemento e benestar–, as seguintes xustificacións e, á vez, liñas de traballo.

- *a imposibilidade de emigrar legalmente ás Américas, até practicamente finais do século XVIII, fai que o galego marche cara o país veciño para, logo, embarcar clandestinamente cara os países de América, mentres que outros tantos fican en Portugal.*
- *a resistencia dos homes de incorporarse ás levas para a milicia fai que dende moi novos, entre os 12 e os 14 anos, os galegos fuxan cara o Portugal, actitude mantida até mediados do século XX.*
- *no proceso de abolición da escravitude no Portugal, o galego vai relevar, nos peores traballos, ao ex escravo negro.*
- *o lugar social do galego é o máis baixo da sociedade colonial e conservadora de Lisboa.*
- *o galego emigra a un país de emigrantes, polo tanto, o home galego vai compensar a perda de homes portugueses no traballo e, tamén, na constitucións de novas familias.*
- *o home galego casa coa muller portuguesa.*

Todos estes elementos e outros colaterais son responsables de que, ao noso entender, a emigración galega ao Portugal e a Lisboa en particular se mantivera agachada, difusa, case que invisible.